



Cmús PROFESIONAL CARBALLO



CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO

PROGRAMACIÓN DA ASIGNATURA DE
TROMPA

Curso 2025-2026



ÍNDICE

1. Introducción
2. 1º Grao Elemental
3. 2º Grao Elemental
4. 3º Grao Elemental
5. 4º Grao Elemental
6. 1º Grao Profesional
7. 2º Grao Profesional
8. 3º Grao Profesional
9. 4º Grao Profesional
10. 5º Grao Profesional
11. 6º Grao Profesional
12. Metodoloxía
13. Atención á diversidade
14. Temas transversais
15. Actividades culturais e promoción das ensinanzas
16. Procedementos da avaliación e seguimento da programación didáctica

INTRODUCCIÓN

Presentación e xustificación de Grao Elemental

A LOMLOE (Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación) establece que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A presente programación dá concreción a dita lei e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula da docente do Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A presente programación será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

A quen vai dirixida

Xeneralidades

Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferencias entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

Coñecementos previos

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes.

O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior.

Relacións interdisciplinares

instrumento	Resulta obvio que todas as disciplinas que compoñen o Grao Elemental teñen un obxectivo común, e que polo tanto, unhas e outras apóianse para desenvolvelo e conseguilo. A asignatura, trompa, é parte para desenvolver, desde ela, linguaxe musical, a clase colectiva e educación auditiva e vogal. E á vez, estas disciplinas aportan un elevado grao de formación a referida disciplina.
linguaxe musical	Na materia de linguaxe musical, o alumno aprende a relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística. A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, aspectos básicos que integran a práctica instrumental.
educación auditiva e vogal	Esta materia e a especialidade instrumental, comparten os obxectivos de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable así como afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

Presentación e xustificación de Grao Profesional

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. A presente programación será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

A quen vai dirixida

A presente programación está dirixida a alumnos do grao profesional. Para acceder a este grao non existen límites de idade, polo que os grupos das materias colectivas non teñen por que ser homoxéneos.

Coñecementos previos

Para o acceso a 1º de grao profesional é preciso ter aprobada a proba específica de acceso. Pódense facer probas similares para acceder ao resto dos cursos. O alumnado que supere o curso pasará ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

Relacións cos estudos de réxime xeral

A maioría dos alumnos compatibilizan estes estudos con outros de réxime xeral. Nun porcentaxe amplo, os alumnos dos primeiros cursos de grao profesional cursan a E.S.O. e os alumnos de 5º e 6º de grao profesional compatibilizan os nosos estudos co bacharelato.

Relacións interdisciplinares

harmonía	Faculta aos alumnos a recoñecer a importancia da súa voz cando tocan dentro dun conxunto, e axudaos a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio.
instrumento	Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son, lectura a 1ª vista de obras e fragmentos sinxelos, adestramento permanente e progresivo da memoria, iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente auditiva, adquisición de hábitos de estudo eficaces e correctos, selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercizos, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento da capacidade musical e técnica do alumno, práctica de conxunto.
linguaxe musical	Senta as bases da lectura e comprensión das partituras instrumentais, e permite que os alumnos realicen unhas interpretacións de calidade.

coro/ orquestra /banda	Incorporan aos alumnos en grupos numerosos e fainos participar dunha sección coa responsabilidade que require. Inciden nun desenrolo técnico propio do traballo en conxunto.
análise	Senta as bases que permiten que o alumno entenda e consiga interpretar a música que escoita, le, ou toca desde un punto de vista técnico e artístico de acordo co estilo musical da época na que a obra foi composta. Nun aspecto ou noutro ten unha relación directa con todas as demais materias dos cursos 5º e 6º.

2. SECUENCIACIÓN DO CURSO

1ºGRADO ELEMENTAL

2.1.Obxectivos

O grao elemental das ensinanzas de música terá como obxectivo neste primeiro curso o desenrolo nos alumnos das seguintes capacidades:

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son, adecuándonos ao nivel do alumnado.
- c) Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para correxir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son, acorde co nivel que estamos.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.

e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora adecuándose ao nivel.

f) Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

2.2.Contidos

a) Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar, ademáis dunha correcta posición corporal para unha adecuada iniciación instrumental.

b) Fortalecemento dos músculos faciais, mediante exercizos propostos polo profesor.

c) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son, no rexistro de Do 1 (Do cunha liña adicional en clave de sol) a Do 2. (Do do 3º espazo en clave de sol)

d) Estudos de emisión do son, relacionados cunha correcta embocadura e unha boa respiración.

e) Principios básicos de dixitación no rexistro programado para este nivel.

f) Práctica das articulacións, traballando escalas e intervalos con diferentes articulacións.

g) Traballo da dinámica, comezando a diferenciar os matices (p e mf)

h) Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas. Neste nivel serán intervalos de 2a M e m ligado e picado.

i) Estudo da boquilla con exercizos propostos por o profesor, adecuados ás características do alumnado.

- j) Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- k) Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- l) Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- m) Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- n) Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- o) Práctica de conxunto nas colectivas para favorecer a escoita dos compañeiros e de un mesmo dentro do grupo.

2.3 Avaliación

2.3.1 Criterios de avaliación

- a) **Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.** Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- b) **Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.** Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- c) **Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.** Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

d) **Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.** Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

e) **Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.** Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

f) **Interpretar en público, ao menos unha peza de concerto, entre as obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.** Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese por o estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

g) **Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.** Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

h) **Interpretar pezas con outros compañeiros** demostrando interese e compañerismo seguindo as indicacións traballadas en clase.

i) **Presentar o traballo diario semanal proposto cun nivel de estudio aceptable.**

j) **Presentar de memoria as escalas traballadas e adecuadas ao nivel.**

k) Presentar **unha actitude de compañeirismo e boa predisposición** á hora de tocar en grupo ou no momento da sesión co profesor.

2.3.2 Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles para cada curso de grao elemental e grao profesional serán o cumprimento do 75% de cada un dos contidos programados para o curso.

2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Observación directa: Método de gran utilidade polo carácter práctico da propia materia.

Gravación audiovisual de audicións en público: A súa visualización permitirá ao profesor unha avaliación de conxunto e tamén posibilitará separar distintos aspectos de forma independente. Este método ten utilidade para que o alumno emita unha autoavaliación tras a visualización conxunta co profesor.

Debate co alumno: A proposta de ideas por parte do alumno, e de ser posible, propoñer solucións aos problemas xurdidos á hora de interpretar unha peza, é un aspecto importante a contemplar na avaliación.

Anotacións das clases diarias: O profesor cubrirá unha ficha coa evolución diaria de cada alumno.

2.3.4. Sistema alternativo de avaliación

O sistema alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que non poidan ser avaliados debido a máis de 3 faltas sen xustificar por trimestre. Para a especialidade de Trompa, o sistema alternativo consistirá na

realización de probas instrumentais que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación.

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc, a interpretar no exame. Os **criterios de cualificación** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural, calidade do son e afinación e rexistro .

Estéticos: 50%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística.

En calquera caso, sempre corresponde ao profesor titor decidir se é necesario ou non aplicar este sistema de avaliación alternativo conforme aos contidos e obxectivos da programación, e poder aplicar os criterios de avaliación.

2.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 35%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural, calidade do son e afinación, rexistro .

Estéticos: 35%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística .

Actitudinais: 30%

Actitude, interese, comportamento, disciplina, rendemento, puntualidade

O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

2.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno promocionará na materia en tanto cumpra co 100% de cada un dos contidos esixidos no curso, pero previamente á proposta ao/a alumno/ a de dita ampliación, terán que estar de acordo nela todos os profesores das demais materias do curso.

2.4 Medidas de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas fundamentalmente para aqueles/as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

1. Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo personalizado.
2. Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos, e volta aos conceptos máis básicos se fose necesario.
3. Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido, e na aplicación práctica no estudo diario.
4. Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

2.4.1 Probas extraordinarias

Grao Elemental

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc a interpretar no

exame. Os ***criterios de cualificación*** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 40%

Control do aire, calidade e homoxeneidade do son, control da afinación, timbre e dinámica, respiración, posición corporal, dixitación, flexibilidade.

Interpretativos: 40%

Execución rítmica precisa e segura, adecuación estilística, correcta interpretación dos signos de articulación e expresión, planos sonoros, conexión co acompañamento, no caso de existir.

Adecuación ao repertorio escollido: 20 %

Coherencia e rigor estilístico, orixinalidade e interese interpretativo, fidelidade ao texto, adecuación ao tempo da obra.

2.5 Recursos didácticos

EXERCIZOS DE TÉCNICA XERAL:

Coñecemento e importancia da respiración.

Embocadura: concepto.

Práctica dos primeiros sons coa boquilla, relacionandoo co son da trompa (buzzing).

Coñecemento sobre a suxección e posición correctas do instrumento.

Práctica da flexibilidade básica: intervalos de 2a M e m.

Práctica de escalas (a unha octava): DoM, FaM e SolM cos seus arpexios.

Práctica da escala crómica de Do e Sol.

Práctica de ritmos e melodías improvisadas individuais e en grupo.

MÉTODOS DE ESTUDIO (secuenciado de maneira personalizada)

- Look, Listen and Learn 1 (libro cd)
- Aprende tocando la trompa. Peter Wastall (unidades 1-8 coas pezas de concerto)

2º DE GRADO ELEMENTAL

3.1. Obxectivos

O grao elemental das ensinanzas de música terá como obxectivo neste segundo curso o desenrolo nos alumnos das seguintes capacidades:

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son, adecuándonos ao nivel do alumnado.
- c) Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para correxir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son, acorde co nivel que estamos.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora adecuándose ao nivel.

f) Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

3.2. Contidos

a) Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar, ademáis dunha correcta posición corporal para unha adecuada iniciación instrumental.

b) Fortalecemento dos músculos faciais, mediante exercicios propostos polo profesor.

c) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son, no rexistro de Fa grave a Re 2. (Re da 4º liña en clave de sol)

d) Estudos de emisión do son, relacionados cunha correcta embocadura e unha boa respiración.

e) Principios básicos de dixitación no rexistro programado para este nivel.

f) Práctica das articulacións, traballando escalas e intervalos con diferentes articulacións: notas ligadas e picadas (sons cortos e sons tenutos tamén).

g) Traballo da dinámica, comezando a diferenciar os matices: p, mf, f, cresc e dim.

h) Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas. Neste nivel serán intervalos de 2a M e m , e de 3a M e m. ligado e picado.

i) Estudo da boquilla con exercizos propostos por o profesor, adecuados ás características do alumnado.

j) Adestramento permanente e progresivo da memoria.

- k) Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- l) Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- m) Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.)
- n) Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercizos, estudos, e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento en conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- o) Práctica de conxunto nas colectivas para favorecer a escoita dos compañeiros e de un mesmo dentro do grupo.

3.3 Avaliación

3.3.1. Criterios de avaliación

- a) **Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.** Este criterio de avaliación **pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.**
- b) **Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.** Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- c) **Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.** Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- d) **Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.** Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir

e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

e) Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

f) Interpretar en público, ao menos unha peza de concerto, entre as obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

g) Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

h) Interpretar pezas con outros compañeiros demostrando interese e compañeirismo seguindo as indicacións traballadas en clase.

i) Presentar o traballo diario semanal proposto cun nivel de estudio aceptable.

j) Presentar de memoria as escalas traballadas e adecuadas ao nivel.

k) **Presentar unha actitude de compañeirismo e boa predisposición** á hora de tocar en grupo ou no momento da sesión co profesor.

3.3.2 Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles para cada curso de grao elemental e grao profesional serán o cumprimento do 75% de cada un dos contidos programados para o curso.

3.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Observación directa: Método de gran utilidade polo carácter práctico da propia materia.

Gravación audiovisual de audicións en público: A súa visualización permitirá ao profesor unha avaliación de conxunto e tamén posibilitará separar distintos aspectos de forma independente. Este método ten utilidade para que o alumno emita unha autoavaliación tras a visualización conxunta co profesor.

Debate co alumno: A proposta de ideas por parte do alumno, e de ser posible, propoñer solucións aos problemas xurdidos á hora de interpretar unha peza, é un aspecto importante a contemplar na avaliación.

Anotacións das clases diarias: O profesor cubrirá unha ficha coa evolución diaria de cada alumno.

3.3.4. Sistema alternativo de avaliación

O sistema alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que non poidan ser avaliados debido a máis de 3 faltas sen xustificar por trimestre.

Para a especialidade de Trompa, o sistema alternativo consistirá na realización de probas instrumentais que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación.

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc, a interpretar no exame. Os **criterios de cualificación** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural, calidade do son e afinación, rexistro .

Estéticos: 50%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística .

En calquera caso, sempre corresponde ao profesor titor decidir se é necesario ou non aplicar este sistema de avaliación alternativo conforme aos contidos e obxectivos da programación, e poder aplicar os criterios de avaliación.

3.3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 35%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural, calidade do son e afinación, rexistro .

Estéticos: 35%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística .

Actitudinais: 30%

Actitude, interese, comportamento, disciplina, rendemento, puntualidade

O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

3.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno promocionará na materia en tanto cumpra co 100% de cada un dos contidos esixidos no curso, pero previamente á proposta ao/a alumno/a de dita ampliación, terán que estar de acordo nela todos os profesores das demais materias do curso.

3.4. Medidas de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas fundamentalmente para aqueles/ as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

1. Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo personalizado.
2. Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos, e volta aos conceptos máis básicos se fose necesario.
3. Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido, e na aplicación práctica no estudio diario.
4. Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

3.4.1. Probas extraordinarias

Grao Elemental

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc a interpretar no exame.

Os ***criterios de cualificación*** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 40%

Control do aire, calidade e homoxeneidade do son, control da afinación, timbre e dinámica, respiración, posición corporal, dixitación, flexibilidade.

Interpretativos: 40%

Execución rítmica precisa e segura, adecuación estilística, correcta interpretación dos signos de articulación e expresión, planos sonoros, conexión co acompañamento, no caso de existir.

Adecuación ao repertorio escollido: 20 %

Coherencia e rigor estilístico, orixinalidade e interese interpretativo, fidelidade ao texto, adecuación ao tempo da obra.

3.5. Recursos didácticos

EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

Profundización da práctica da vibración de beizos coa boquilla (buzzing) e do control da respiración.

Coñecemento sobre a suxección e posición corretas do instrumento. Práctica da flexibilidade básica: intervalos de 2ºM e m, e 3º M e m.

Práctica de escalas(a unha 8a):DoM, SolM, FaM, ReM, e SibM cos seus arpexios; e ademais de memoria.

Práctica da escala crómica de Fa, La e Re.

Práctica de ritmos e melodías improvisadas individuais e en grupo.

Prácticade exercicios simples encamiñados á respiración propostos polo profesor.

MÉTODOS DE ESTUDO (secuenciado de maneira personalizada)

- Look, Listen and Learn 1 e 2.
- Aprende tocando la trompa. Peter Wastall

OBRAS DE ESTUDO

Paseo.....Derek Hide (P. Wastall).

Aria.....A.Grety (Peter Wastall).

3 Easy solos for horn.....V. Brightmore.

The HuntJ. Ployhar.

Favourite movie themes

3º DE GRADO ELEMENTAL

4.1. Obxectivos

O grao elemental das ensinanzas de música terá como obxectivo neste terceiro curso o desenrolo nos alumnos das seguintes capacidades:

a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.

b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son, adecuándonos ao nivel do alumnado.

c) Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para correxir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son, acorde co nivel que estamos.

- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora adecuándose ao nivel.
- f) Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

4.2. Contidos

- a) Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar, ademáis dunha correcta posición corporal para unha adecuada iniciación instrumental.
- b) Fortalecemento dos músculos faciais, mediante exercizos propostos por o profesor.
- c) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son, no rexistro de Re grave a Fa 2. (Fa da 5º liña en clave de sol)
- d) Estudos de emisión do son, relacionados cunha correcta embocadura e unha boa respiración.
- e) Principios básicos de dixitación no rexistro programado para este nivel.
- f) Práctica das articulacións, traballando escalas e intervalos con diferentes articulacións: notas ligadas e picadas (sons cortos e sons tenutos tamén).
- g) Traballo da dinámica, comezando a diferenciar os matices: p, mf, f, cresc e dim.

- h) Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas. Neste nivel serán intervalos de 3a M e m , e de 4a M e m. ligado e picado
- i) Estudo da boquilla con exercizos propostos polo profesor, adecuados ás características do alumnado.
- j) Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- k) Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- l) Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- m) Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc...)
- n) Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos, e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento en conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- o) Práctica de conxunto nas colectivas para favorecer a escoita dos compañeiros e de un mesmo dentro do grupo.

4.3.Avaliación

4.3.1. Criterios de avaliación

- a) **Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.** Este criterio de avaliación **pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.**
- b) **Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.** Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

c) Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.

Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

d) Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras

escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

e) Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe

progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

f) Interpretar en público, ao menos unha peza de concerto, entre as obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.

Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

g) Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.

Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

h) Interpretar pezas con outros compañeiros demostrando interés e compañeirismo seguindo as indicacións traballadas en clase.

i) Presentar o traballo diario semanal proposto cun nivel de estudio aceptable.

j) Presentar de memoria as escalas traballadas e adecuadas ao nivel.

k) Presentar unha actitude de compañeirismo e boa predisposición á hora de tocar en grupo ou no momento da sesión co profesor.

4.3.2. Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles para cada curso de grao elemental e grao profesional serán o cumprimento do 75% de cada un dos contidos programados para o curso.

4.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Observación directa: Método de gran utilidade polo carácter práctico da propia materia.

Gravación audiovisual de audicións en público: A súa visualización permitirá ao profesor unha avaliación de conxunto e tamén posibilitará separar distintos aspectos de forma independente. Este método ten utilidade para que o alumno emita unha autoavaliación tras a visualización conxunta co profesor.

Debate co alumno: A proposta de ideas por parte do alumno, e de ser posible, propoñer solucións aos problemas xurdidos á hora de interpretar unha peza, é un aspecto importante a contemplar na avaliación.

Anotacións das clases diarias: O profesor cubrirá unha ficha coa evolución diaria de cada alumno.

4.3.4. Sistema alternativo de avaliación

O sistema alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que non poidan ser avaliados debido a máis de 3 faltas sen xustificar por trimestre.

Para a especialidade de Trompa, o sistema alternativo consistirá na realización de probas instrumentais que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación.

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc, a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 10 minutos nin superior a 15 minutos de música para os alumnos de **1º e 2º de grao elemental**, así como tampouco será inferior a 15 minutos nin superior a 20 minutos para os alumnos de **3º e 4º de grao elemental**.

Os **critérios de cualificación** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural, calidade do son e afinación, rexistro .

Estéticos: 50%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística .

En calquera caso, sempre corresponde ao profesor titor decidir se é necesario ou non aplicar este sistema de avaliación alternativo conforme aos contidos e obxectivos da programación, e poder aplicar os criterios de avaliación.

4.3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 35%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural, calidade do son e afinación, rexistro .

Estéticos: 35%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística .

Actitudinais: 30%

Actitude, interese, comportamento, disciplina, rendemento, puntualidade

O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

4.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno promocionará na materia en tanto cumpra co 100% de cada un dos contidos esixidos no curso, pero previamente á proposta ao/a alumno/a de dita ampliación, terán que estar de acordo nela todos os profesores das demais materias do curso.

4.4. Medidas de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas fundamentalmente para aqueles/ as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

1. Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo personalizado.
2. Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos, e volta aos conceptos máis básicos se fose necesario.

3. Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido, e na aplicación práctica no estudio diario.

4. Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

4.4.1. Probas extraordinarias

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 10 minutos nin superior a 15 minutos de música para os alumnos de **1º e 2º de grao elemental**, así como tampouco será inferior a 15 minutos nin superior a 20 minutos para os alumnos de **3o e 4o de grao elemental**.

Os **critérios de cualificación** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 40%

Control do aire, calidade e homoxeneidade do son, control da afinación, timbre e dinámica, respiración, posición corporal, dixitación, flexibilidade.

Interpretativos: 40%

Execución rítmica precisa e segura, adecuación estilística, correcta interpretación dos signos de articulación e expresión, planos sonoros, conexión co acompañamento, no caso de existir.

Adecuación ao repertorio escollido: 20 %

Coherencia e rigor estilístico, orixinalidade e interese interpretativo, fidelidade ao texto, adecuación ao tempo da obra.

Nestas probas, a maiores das obras e estudos correspondentes ao 75% dos contidos do curso, o alum@ terá que interpretar como mínimo unha escala

co seu arpejo mais a escala cromática comezando na nota que indique o profesor(adaptada aos contidos do curso de cada un).

Para esta proba é necesario traer as partituras orixinais das obras a interpretar.

4.5. Recursos didácticos

EXERCIZOS DE TÉCNICA XERAL:

a)Profundización da práctica da vibración de beizos coa boquilla(buzzing) e do control da respiración.

b) Coñecemento sobre a suxección e posición corretas do instrumento. • c) Práctica da flexibilidade básica: intervalos de 3º e 4º M e m. D)

d) Práctica de escalas(a unha 8a): Do M, Sol M, Fa M, Re M, Mib M, Sib M, La M, La m e La m armónica, Re m e Re m armónica; cos seus arpejos, e ademáis de memoria.

e) Práctica da escala crómatica de Re grave a Fa da 5º liña en clave de Sol.

f) Práctica de ritmos e melodías improvisadas individuais e en grupo.

g) Práctica de exercizos simples encamiñados á respiración propostos polo profesor.

h) Práctica de exercizos propostos polo profesor de inicio ao transporte: exemplo Mib.

MÉTODOS DE ESTUDO (secuenciado de maneira personalizada)

– Look, Listen and Learn, 2 e 3.

– Aprende tocando la trompa. Peter Wastall

– Maxime Alphonse: Volume I (1º metade do libro).

OBRAS DE ESTUDIO

Nocturne.....F.Lemaire.
Berceuse.....JM.Damase.
Romance.....A.Scriabine.
L'Harmonie du CorE.Cochereau & J. Lagueze.
Tema e variacións.....F.Strauss.
Chant lontan.....E.Bozza.
Concerto en Mib.....F.A.Rosetti.
Elegia.....F.Poulenc.

REPERTORIO ORQUESTRAL

Ademáis dos estudos e obras a preparar, tamén se traballarán pasaxes orquestrais propostas polo profesor, e extraídas de libros tales coma: orchester probenspiel, horn repertoire, unbrigded (thompson edition)...

4º DE GRADO PROFESIONAL

9.1. Obxectivos

- a) Mellorar progresivamente a técnica e a sonoridade da trompa dentro do nivel esixido neste ciclo.
- b) Aplicar progresivamente os coñecementos musicais adquiridos para unha correcta interpretación instrumental.
- c) Interpretar obras de diversas épocas e estilos cunha dificultade progresiva e adecuada ao nivel.
- d) Participar en actividades musicais de conxunto, con grupos e formacións variadas que se poidan formar.
- e) Coñecer progresivamente os criterios interpretativos do propio instrumento en cada periodo musical, aplicándoos ao estudo do repertorio proposto.
- f) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento, así como un bo uso da memoria á hora de interpretar.

9.2. Contidos

- a) Perfeccionamento progresivo da velocidade co instrumento no rexistro esixido neste ciclo (Sol pedal-Do agudo).
- b) Estudo do rexistro agudo proposto para este ciclo, con exercizos propostos por o profesor.
- c) Estudo da ornamentación con estudos e obras axeitadas, con especial atención aos trinos e grupetos, e a súa boa entoación e articulación.
- d) Coñecemento progresivo do repertorio trompístico solista con obras axeitadas para este ciclo, e audicións comentadas de diferentes versións da mesma obra.
- e) Asentamento e perfeccionamento do estudo do dobre picado, e o seu bo uso.
- f) Perfeccionamento no fraseo musical nas obras e estudos coidando os elementos máis importantes: expresión, dinámicas, cor sonoro, carácter, etc... e concienciando ao alumno da adquisición dun criterio persoal diferenciado dun criterio global de calidade.
- g) Adquisición progresiva no rexistro traballado da igualdade e calidade do son.
- h) Utilización da memoria musical na interpretación de obras, estudos e técnica, así como no estudo diario.
- k) Perfeccionamento da lectura a primeira vista.
- l) Perfeccionamento da práctica do transporte.

9.3. Avaliación

9.3.1. Criterios de avaliación

- a) Demostrar soltura no uso das tonalidades e intervalos propostos para este ciclo, de memoria.
- b) Demostrar a correcta adquisición do transporte a trompa en mib e re, tanto nos estudos como nas obras.
- c) Interpretar ao menos 1 obra en audición pública ao longo do curso académico co correspondente acompañamento.
- d) Estudar e interpretar ao menos unha obra cada trimestre.
- e) Presentar o traballo diario semanal cun nivel de estudo aceptable.
- f) Colaborar á hora de representar a aula de trompa a través de concertos e audicións tanto na interpretación individual como de conxunto.
- g) Acadar o rexistro esixido no curso coa trompa.

9.3.2. Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles para cada curso de grao elemental e grao profesional serán o cumprimento do 75% de cada un dos contidos programados para o curso.

9.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Observación directa: Método de gran utilidade polo carácter práctico da propia materia.

Gravación audiovisual de audicións en público: A súa visualización permitirá ao profesor unha avaliación de conxunto e tamén posibilitará separar distintos aspectos de forma independente. Este método ten utilidade para que o alumno emita unha autoavaliación tras a visualización conxunta co profesor.

Debate co alumno: A proposta de ideas por parte do alumno, e de ser posible, propoñer solucións aos problemas xurdidos á hora de interpretar unha peza, é un aspecto importante a contemplar na avaliación.

Anotacións das clases diarias: O profesor cubrirá unha ficha coa evolución diaria de cada alumno.

9.3.4. Sistema alternativo de avaliación

O sistema alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que non poidan ser avaliados debido a máis de 3 faltas sen xustificar por trimestre. Para a especialidade de Trompa, o sistema alternativo consistirá na realización de probas instrumentais que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación.

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc, a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 20 minutos nin superior a 30 minutos de música para os alumnos de **1º, 2º e 3º de grao profesional**, así como tampouco será inferior a 30 minutos nin superior a 40 minutos para os alumnos de **4º, 5º e 6º de grao profesional**.

Os **criterios de cualificación** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural, calidade do son e afinación, rexistro .

Estéticos: 50%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística .

En calquera caso, sempre corresponde ao profesor titor decidir se é necesario ou non aplicar este sistema de avaliación alternativo conforme aos contidos e obxectivos da programación, e poder aplicar os criterios de avaliación.

9.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 35%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural

Estéticos: 35%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística...

Actitudinais: 30%

Actitude, Interese, Comportamento, Disciplina, rendemento

O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

9.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno promocionará na materia en tanto cumpra co 100% de cada un dos contidos esixidos no curso, pero previamente á proposta ao/a alumno/a de dita ampliación, terán que estar de acordo nela todos os profesores das demais materias do curso.

9.4. Medidas de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas fundamentalmente para aqueles/ as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

1. Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo personalizado.
2. Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos, e volta aos conceptos máis básicos se fose necesario.
3. Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido, e na aplicación práctica no estudo diario.
4. Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

9.4.1. Probas extraordinarias Grao Profesional

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 20 minutos nin superior a 30 minutos de música para os alumnos de **1º, 2º e 3º de grao profesional**, así como tampouco será inferior a 30 minutos nin superior a 40 minutos para os alumnos de **4º, 5º e 6º de grao profesional**.

Os ***criterios de cualificación*** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 40%

Control do aire, calidade e homoxeneidade do son, control da afinación, timbre e dinámica, respiración, posición corporal, dixitación, flexibilidade.

Interpretativos: 40%

Execución rítmica precisa e segura, adecuación estilística, correcta interpretación dos signos de articulación e expresión, planos sonoros, conexión co acompañamento, no caso de existir.

Adecuación ao repertorio escollido: 20 %

Coherencia e rigor estilístico, orixinalidade e interese interpretativo, fidelidade ao texto, adecuación ao tempo da obra.

Nestas probas, a maiores das obras e estudos correspondentes ao 75% dos contidos do curso, o alum@ terá que interpretar como mínimo unha escala co seu arpexio mais a escala cromática comezando na nota que indique o profesor(adaptada aos contidos do curso de cada un).

Para esta proba é necesario traer as partituras orixinais das obras a interpretar.

9.5. Recursos didácticos

EXERCIZOS DE TÉCNICA XERAL:

- Todas as escalas maiores e as menores(“normal” , harmónica e melódica) a dúas oitavas, cos seus arpexios, en diferentes articulacións e tempos.
- 3 Escalas (co seu relativo menor tamén) desenroladas do L. Thevet.
- Estudo do rexistro grave a través de cromatismos entre o Sol grave e o Sol pedal.
- Traballo dos trinos de beizo nun rexistro comprendido ao menos entre o fa # (2a liña clave de sol) e o la agudo.
- Exercizos de transporte para trompa en Mi, Mib, Re e Do.
- Traballo con exercizos propostos polo profesor, e escollidos nos libros Tecni- cor, de Daniel Bourgue (flexibilidade, staccatto, sincronismo e articulación).

MÉTODOS DE ESTUDO: (secuenciado de maneira personalizada)

Maxime Alphonse: Volume III-IV

C. Kopprasch.

B. Müller: Rematar o Volume I

OBRAS DE ESTUDO:

Gunters Moon	G.Vinter.
Sonata no 2.....	L.Cherubini.
Concerto no 2.....	J.Haydn.
Andante	R.Strauss.
Sonata 1939.....	P .Hindemith.
Concierto D minor.....	F.A.Rossetti
Unha das 6 pezas melódicas orixinais para trompa	Ch.Gounod.

REPERTORIO ORQUESTRAL

Ademáis dos estudos e obras a preparar, tamén se traballarán pasaxes orquestrais propostas polo profesor, e extraídas de libros tales coma: orchester probenspiel, horn repertoire, unbrigded (thompson edition)...

5º DE GRADO PROFESIONAL

10.1. Obxectivos

- a) Mellorar progresivamente a técnica e a sonoridade da trompa dentro do nivel esixido neste ciclo.
- b) Aplicar progresivamente os coñecementos musicais adquiridos para unha correcta Interpretación instrumental.
- c) Interpretar obras de diversas épocas e estilos cunha dificultade progresiva e adecuada ao nivel.
- d) Participar en actividades musicais de conxunto, con grupos e formacións variadas que se poidan formar.
- e) Coñecer progresivamente os criterios interpretativos do propio instrumento en cada periodo musical, aplicándoos ao estudo do repertorio proposto.

f) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento, así como un bo uso da memoria á hora de interpretar.

g) Acadar unha madurez de criterio autónomo para escoller a mellor interpretación propia, ademáis de ter ben asentada unha boa base técnica que permita chegar con boas garantías ao fin do grao profesional.

10.2 Contidos

a) Perfeccionamento progresivo da velocidade co instrumento no rexistro esixido neste ciclo (Sol pedal-Do agudo).

b) Estudo do rexistro agudo proposto para este ciclo, con exercizos propostos por o profesor.

c) Estudo da ornamentación con estudos e obras axeitadas, con especial atención aos trinos e grupetos, e a súa boa entoación e articulación.

d) Coñecemento progresivo do repertorio trompístico solista con obras axeitadas para este ciclo, e audicións comentadas de diferentes versións da mesma obra.

e) Utilización do dobre e triple picado, e o seu bo uso.

f) Perfeccionamento no fraseo musical nas obras e estudos coidando os elementos máis importantes: expresión, dinámicas, cor sonoro, carácter, etc... e concienciando ao alumno da adquisición dun criterio persoal diferenciado dun criterio global de calidade.

g) Adquisición progresiva no rexistro traballado da igualdade e calidade do son.

h) Utilización da memoria musical na interpretación de obras, estudos e técnica, así como no estudo diario.

i) Perfeccionamento da lectura a primeira vista. j) Perfeccionamento da práctica do transporte.

10.3. Avaliación

10.3.1. Criterios de avaliación

a) Demostrar soltura no uso das tonalidades e intervalos propostos para este ciclo, de memoria.

b) Demostrar a correcta adquisición do transporte a trompa en mi e re, tanto nos estudos como nas obras.

c) Interpretar ao menos 1 obra en audición pública ao longo do curso académico co correspondente acompañamento.

d) Estudar e interpretar ao menos unha obra cada trimestre.

e) Presentar o traballo diario semanal cun nivel de estudo aceptable.

f) Colaborar á hora de representar a aula de trompa a través de concertos e audicións tanto na interpretación individual como de conxunto.

g) Acadar o rexistro esixido no curso coa trompa.

10.3.2. Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles para cada curso de grao elemental e grao profesional serán o cumprimento do 75% de cada un dos contidos programados para o curso.

10.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Observación directa: Método de gran utilidade polo carácter práctico da propia materia.

Gravación audiovisual de audicións en público: A súa visualización permitirá ao profesor unha avaliación de conxunto e tamén posibilitará separar distintos aspectos de forma independente. Este método ten utilidade para que o alumno emita unha autoavaliación tras a visualización conxunta co profesor.

Debate co alumno: A proposta de ideas por parte do alumno, e de ser posible, propoñer solucións aos problemas xurdidos á hora de interpretar unha peza, é un aspecto importante a contemplar na avaliación.

Anotacións das clases diarias: O profesor cubrirá unha ficha coa evolución diaria de cada alumno.

10.3.4. Sistema alternativo de avaliación

O sistema alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que non poidan ser avaliados debido a máis de 3 faltas sen xustificar por trimestre. Para a especialidade de Trompa, o sistema alternativo consistirá na realización de probas instrumentais que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación.

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc, a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 20 minutos nin superior a 30 minutos de música para os alumnos de **1º, 2º e 3º de grao profesional**, así como tampouco será inferior a 30 minutos nin superior a 40 minutos para os alumnos de **4º, 5º e 6º de grao profesional**.

Os **criterios de cualificación** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural, calidade do son e afinación, rexistro .

Estéticos: 50%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística .

En calquera caso, sempre corresponde ao profesor titor decidir se é necesario ou non aplicar este sistema de avaliación alternativo conforme aos contidos e obxectivos da programación, e poder aplicar os criterios de avaliación.

10.3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 35%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural

Estéticos: 35%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística...

Actitudinais: 30%

Actitude, Interese, Comportamento, Disciplina, rendemento

O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

10.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno promocionará na materia en tanto cumpra co 100% de cada un dos contidos esixidos no curso, pero previamente á proposta ao/a alumno/a de dita ampliación, terán que estar de acordo nela todos os profesores das demais materias do curso.

10.4. Medidas de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas fundamentalmente para aqueles/ as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

1. Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo personalizado.
2. Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos, e volta aos conceptos máis básicos se fose necesario.
3. Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido, e na aplicación práctica no estudio diario.
4. Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

10.4.1. Probas extraordinarias Grao Profesional

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 20 minutos nin superior a 30 minutos de música para os alumnos de **1º, 2º e 3º de grao profesional**, así como tampouco será inferior a 30 minutos nin superior a 40 minutos para os alumnos de **4º, 5º e 6º de grao profesional**.

Os ***criterios de cualificación*** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 40%

Control do aire, calidade e homoxeneidade do son, control da afinación, timbre e dinámica, respiración, posición corporal, dixitación, flexibilidade.

Interpretativos: 40%

Execución rítmica precisa e segura, adecuación estilística, correcta interpretación dos signos de articulación e expresión, planos sonoros, conexión co acompañamento, no caso de existir.

Adecuación ao repertorio escollido: 20 %

Coherencia e rigor estilístico, orixinalidade e interese interpretativo, fidelidade ao texto, adecuación ao tempo da obra.

Nestas probas, a maiores das obras e estudos correspondentes ao 75% dos contidos do curso, o alum@ terá que interpretar como mínimo unha escala co seu arpexio mais a escala cromática comezando na nota que indique o profesor(adaptada aos contidos do curso de cada un).

Para esta proba é necesario traer as partituras orixinais das obras a interpretar.

10.5 Recursos didácticos

EXERCIZOS DE TÉCNICA XERAL:

- Todas as escalas maiores e as menores(“normal” , harmónica e melódica) a dúas e tres oitavas (cando sexa posible), cos seus arpexios, en diferentes articulacións e tempos.
- 3 Escalas desenroladas (co seu relativo menor tamén, distintas do curso anterior) do L. Thevet.
- Estudo do rexistro grave a través de cromatismos entre o Fa grave e o Fa pedal.
- Traballo dos trinos de beizo nun rexistro comprendido ao menos entre o fa # (2a liña clave de sol) e o si agudo.
- Exercizos de transporte para trompa en Mi, Mib, Re, Do e Sib.
- Estudo do “Bouche” e do “Echo”.

– Traballo con exercizos propostos polo profesor, e escollidos nos libros Tecni- cor, de Daniel Bourgue (flexibilidade, staccatto, sincronismo e articulación).

MÉTODOS DE ESTUDIO: (secuenciado de maneira personalizada)

Maxime Alphonse: Volume IV-V

C. Kopprasch.

B. Müller: Volume II

G. Schuller: Estudos para trompa soa. (estudos 1 e 2).

OBRAS DE ESTUDO:

Sonata.....L.V.Beethoven.

Concerto.....F.Strauss.

Concertino op. 45.....L.E.Larsson.

Concerto nº 2.....W .A.Mozart.

Sonata en Mib.....F.Danzi

Concerto nº1.....R.Strauss

Fantasia (horn solo).....M.Arnold

Sonata.....J.Rheinberger.

Laudatio.....B.Krol.

REPERTORIO ORQUESTRAL

Ademáis dos estudos e obras a preparar, tamén se traballarán pasaxes orquestrais propostas polo profesor, e extraídas de libros tales coma: orchester probenspiel, horn repertoire, unbrigded (thompson edition)...

6º DE GRADO PROFESIONAL

11.1. Obxectivos

- a) Mellorar progresivamente a técnica e a sonoridade da trompa dentro do nivel esixido neste ciclo.
- b) Aplicar progresivamente os coñecementos musicais adquiridos para unha correcta interpretación instrumental.
- c) Interpretar obras de diversas épocas e estilos cunha dificultade progresiva e adecuada ao nivel.
- d) Participar en actividades musicais de conxunto, con grupos e formacións variadas que se poidan formar.
- e) Coñecer progresivamente os criterios interpretativos do propio instrumento en cada periodo musical, aplicándoos ao estudo do repertorio proposto.
- f) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento, así como un bo uso da memoria á hora de interpretar.
- g) Acadar unha madurez de criterio autónomo para escoller a mellor interpretación propia, ademáis de ter ben asentada unha boa base técnica que permita chegar con boas garantías ao fin do grao profesional.

11.2. Contidos

- a) Perfeccionamento progresivo da velocidade co instrumento no rexistro esixido neste ciclo (Fa pedal-Do agudo).
- b) Estudo do rexistro agudo proposto para este ciclo: la-sib-si-do, con exercizos propostos por o profesor.

- c) Estudo da ornamentación con estudos e obras axeitadas, con especial atención aos trinos e grupetos, e a súa boa entoación e articulación.
- d) Coñecemento progresivo do repertorio trompístico solista con obras axeitadas para este ciclo, e audicións comentadas de diferentes versións da mesma obra.
- e) Utilización do dobre e triple picado, e o seu bo uso.
- f) Perfeccionamento no fraseo musical nas obras e estudos coidando os elementos máis importantes: expresión, dinámicas, cor sonoro, carácter, etc... e concienciando ao alumno da adquisición dun criterio persoal diferenciado dun criterio global de calidade.
- g) Adquisición progresiva no rexistro traballado da igualdade e calidade do son.
- h) Utilización da memoria musical na interpretación de obras, estudos e técnica, así como no estudo diario.
- i) Perfeccionamento da lectura a primeira vista.
- j) Perfeccionamento do transporte.

11.3. Avaliación

11.3.1. Criterios de avaliación

- a) Amosar soltura no uso das tonalidades e intervalos propostos para este ciclo, de memoria.
- b) Demostrar a correcta adquisición do transporte a trompa en mi, mib, re, do, sib e sol, tanto nos estudos como nas obras.
- c) Interpretar ao menos 1 obra en audición pública ao longo do curso académico co correspondente acompañamento.
- d) Estudar e interpretar ao menos unha obra cada trimestre.

- e) Presentar o traballo diario semanal cun nivel de estudo aceptable.
- f) Colaborar á hora de representar a aula de trompa a través de concertos e audicións tanto na interpretación individual como de conxunto.
- g) Acadar o rexistro esixido no curso coa trompa.

11.3.2. Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles para cada curso de grao elemental e grao profesional serán o cumprimento do 75% de cada un dos contidos programados para o curso.

11.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Observación directa: Método de gran utilidade polo carácter práctico da propia materia.

Gravación audiovisual de audicións en público: A súa visualización permitirá ao profesor unha avaliación de conxunto e tamén posibilitará separar distintos aspectos de forma independente. Este método ten utilidade para que o alumno emita unha autoavaliación tras a visualización conxunta co profesor.

Debate co alumno: A proposta de ideas por parte do alumno, e de ser posible, propoñer solucións aos problemas xurdidos á hora de interpretar unha peza, é un aspecto importante a contemplar na avaliación.

Anotacións das clases diarias: O profesor cubrirá unha ficha coa evolución diaria de cada alumno.

11.3.4. Sistema alternativo de avaliación

O sistema alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que non poidan ser avaliados debido a máis de 3 faltas sen xustificar por trimestre. Para a especialidade de Trompa, o sistema alternativo consistirá na

realización de probas instrumentais que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación.

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc, a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 20 minutos nin superior a 30 minutos de música para os alumnos de **1º, 2º e 3º de grao profesional**, así como tampouco será inferior a 30 minutos nin superior a 40 minutos para os alumnos de **4º, 5º e 6º de grao profesional**.

Os **critérios de cualificación** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural, calidade do son e afinación, rexistro .

Estéticos: 50%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística .

En calquera caso, sempre corresponde ao profesor titor decidir se é necesario ou non aplicar este sistema de avaliación alternativo conforme aos contidos e obxectivos da programación, e poder aplicar os criterios de avaliación.

11.3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 35%

Técnica, respiración, embocadura, hixiene posturas

Estéticos: 35%

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística...

Actitudinais: 30%

Actitude, Interese, Comportamento, Disciplina, rendimento

O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

11.4.Medidas de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas fundamentalmente para aqueles/ as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

1. Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo personalizado.
2. Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos, e volta aos conceptos máis básicos se fose necesario.
3. Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido, e na aplicación práctica no estudio diario.
4. Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

11.4.1. Probas extraordinarias Grao Profesional

Nesta proba o alumno deberá presentar como mínimo o 75% de cada un dos contidos que correspondan ao curso en cuestión, sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 20 minutos nin superior a 30 minutos de música para os alumnos de **1º, 2º e 3º de grao profesional**, así como tampouco será inferior a 30 minutos nin superior a 40 minutos para os alumnos de **4º, 5º e 6º de grao profesional**.

Os **criterios de cualificación** a seguir na presente proba serán os seguintes:

Técnicos: 40%

Control do aire, calidade e homoxeneidade do son, control da afinación, timbre e dinámica, respiración, posición corporal, dixitación, flexibilidade.

Interpretativos: 40%

Execución rítmica precisa e segura, adecuación estilística, correcta interpretación dos signos de articulación e expresión, planos sonoros, conexión co acompañamento, no caso de existir.

Adecuación ao repertorio escollido: 20 %

Coherencia e rigor estilístico, orixinalidade e interese interpretativo, fidelidade ao texto, adecuación ao tempo da obra.

Nestas probas de setembro, a maiores das obras e estudos correspondentes ao 75% dos contidos do curso, o alum@ terá que interpretar como mínimo unha escala co seu arpexio mais a escala cromática comezando na nota que indique o profesor(adaptada aos contidos do curso de cada un).

Para esta proba é necesario traer as partituras orixinais das obras a interpretar.

11.5. Recursos didácticos

EXERCIZOS DE TÉCNICA XERAL:

- Todas as escalas maiores e as menores(“normal” , harmónica e melódica) a dúas e tres oitavas, cos seus arpexios, en diferentes articulacións e tempos.
- Rematar todas as escalas desenroladas do L. Thevet II.
- Estudo do rexistro grave a través de cromatismos entre o Fa grave e o Fa pedal.
- Traballo dos trinos de beizo nun rexistro comprendido ao menos entre o fa#

(2a liña clave de sol) e o do agudo.

- Exercizos de transporte para trompa en Mi, Mib, Re, Do, Sib e Sol.
- Estudo do “Bouche” e do “Echo”.
- Traballo con exercizos propostos por o profesor, e escollidos nos libros Tecni- cor, de Daniel Bourgue (flexibilidade, staccatto, sincronismo e articulación).

MÉTODOS DE ESTUDIO: (secuenciado de maneira personalizada)

Maxime Alphonse: Volume IV-V.

C. Kopprasch. (estudos do 51 ao 60 incluídos).

B. Müller: Volume II (estudos do 29 ao 34 incluídos).

G. Schuller: Estudos para trompa soa. (estudos 3 e 4).

OBRAS DE ESTUDO:

Villanelle.....P.Dukas.

Morceaux de concert.....C.Saint-saëns.

Concerto no1J.Haydn. 76

Sur les cimes.....E.Bozza.

Horn lolk.....S.Berge.

Concertino.....M.Haydn.

Concerto nº4.....W .A.Mozart.

Concerto.....P.Hindemith

Concerto nº1 R.Strauss

ORQUESTRAL

Ademáis dos estudos e obras a preparar, tamén se traballarán pasaxes orquestrais propostas polo profesor, e extraídas de libros tales coma: orchester probenspiel, horn repertoire, unbrigded (thompson edition)...

12. METODOLOXÍA

En canto á metodoloxía a empregar, teremos en conta os seguintes aspectos:

12.1 Organización do tempo e do espacio

Estes aspectos veñen definidos por as características físicas do edificio, e por os horarios da ensinanza obrigatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme crea convinte.

12.2 Educación en valores

A parte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música dende un punto de vista estético e artístico.

12.3. Fomento da lectura

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda, a literatura musical, procurando que os alumnos teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso á diversa literatura especializada sobre a materia.

12.4. Funcionalidade dos contidos

O tratamento dos contidos desta programación fundaméntase nas seguintes ideas:

-As características psicoevolutivas do alumnado, dende un punto de vista xeral e en relación coa psicoloxía da música.

- A evolución corporal e psíquica que o alumnado experimenta neste curso.
- O modelo didáctico constructivista, así como a aprendizaxe significativa.
- A globalización, de maneira que se obvien aqueles contidos que resultan ser o tratamento doutros, ou consecuencia directa deles.
- Os coñecementos previos adquiridos por o alumnado no grao profesional.
- A carga horaria para este nivel.

13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

13.1 Nas actividades de clase

A elaboración da programación didáctica debe partir da consideración de que unha aprendizaxe funcional vai máis aló da mera posible futura aplicación práctica dos coñecementos adquiridos (de forma que sexa posible aproveitalos de forma inmediata e autónoma por parte do alumnado), senón que poidan ser empregados cara á adquisición doutras aprendizaxes diferentes aos propios da trompa, ben referidos a outras materias ou ben á súa formación xeral.

Tratarase a funcionalidade dos seus contidos, considerando as relacións entre eles, de forma que o alumnado necesite utilizar o xa aprendido para interiorizar os que se estean tratando nese momento. Será fundamental en todo momento partir das aprendizaxes adquiridas durante cursos anteriores, facendo fincapé nos seus anteriores coñecementos, facilitando a adquisición autónoma das aprendizaxes.

Con relación ao resto de materias , retomarase o xa exposto sobre as relacións interdisciplinares, pero considerando agora a relación da materia coas que cursará nos cursos seguintes, partindo do nivel escollido. Unha vez comentadas as súas particularidades en liñas xerais, buscaranse contidos concretos presentes no currículo desas materias, e estableceranse relacións

directas entre os contidos futuros a tratar en devanditas materias e os tratados na programación didáctica.

13.2 O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Esta programación contempla un tratamento xeral do alumnado con necesidades educativas específicas. Trátase dos alumnos estranxeiros, dos superdotados e dos que posúan necesidades educativas especiais, sexan físicas ou psíquicas.

Neste apartado realizarase unha pequena análise do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo como son: alumnado con incorporación tardía o sistema educativo español, alumnado con altas capacidades intelectuais, e alumnado con necesidades educativas especiais.

Incorporación tardía o sistema educativo español

Os principais problemas os que se refire este apartado son a comprensión do idioma e as tradicións propias da súa cultura. O papel do profesor será un papel integrador coidando en todo caso que as actividades plantexadas respondan a

este principio en todo momento, aproveitando o máximo as capacidades de cada alumno en canto os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo.

Alumnado con altas capacidades intelectuais

Defínese este alumnado como aquel que posúe: niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos con altas capacidades intelectuais. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade de tempo establecido con carácter xeral.

Alumnado con necesidades educativas especiais

Tratase de persoas que presentan algún tipo de discapacidade, por o que poden unha capacidade intelectual superior á media. Un alto grao de creatividade, capaz de producir contidos mentais novos ou sorprendentes e un alto grao de motivación e perseveranza.

O Real Decreto 943/2003 regula as condicións para flexibilizar a duración dos diversos precisar dunha adecuación dos elementos do currículo ou dunha adaptación dos recursos materiais. As axudas técnicas que con maior frecuencia require este alumnado son:

Eliminación de barreiras arquitectónicas, co fin de posibilitar o acceso a todos os espazos do centro escolar.

Mobiliario adaptado, que permita facilitar o control postural do alumnado e colocación funcional para o traballo na clase.

Materias escolares adaptados: bases antideslizantes, apoiadores, correas, etc...

14. TEMAS TRANSVERSAIS

14.1 Educación en valores

Durante todo o traballo do curso teremos en conta temas transversais á hora de realizar as actividades programadas. Ditos temas transversais son:

Educación moral e cívica.

Para traballar e fomentar a participación en actividades de grupo é idónea a expresión musical. Mediante a interpretación vocal, instrumental e a danza, fomentarase a relación entre os compañeiros/as, así coma o respecto coas

distintas formas de expresión destes/as ou os distintos xéneros e estilos musicais que se interpretan.

Mediante a audición de manifestacións musicais doutras sociedades, culturas e épocas, favorécese tamén o respecto e a apertura do alumnado a outros tipos de expresións.

Educación para a paz.

Este é un dos temas nos que a música pode contribuir de forma máis destacable. Así, dende a expresión musical (vocal, instrumental, e movemento e danza) o alumnado pode formarse unha idea máis axustada dun mesmo e das súas posibilidades, e a partir desta nova realidade pode valorar o seu esforzo de superación. Do mesmo xeito, as actividades de expresión permiten relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes cos seus compañeiros, recoñecendo e valorando as diferencias e rechazando as discriminacións. A música na sociedade permite ó alumnado coñecer o patrimonio musical e a diversidade de manifestacións coma un dereito dos pobos que se ten que respetar e coñecer.

Educación ambiental.

Un dos aspectos fundamentais para a música é a necesidade do silencio como condición previa á música. Este aspecto será traballado tanto nas materias individuais coma nas colectivas e será sempre condición previa indispensable para entender a audición ou a práctica musical. O silencio é tamén un elemento de calidade de vida, polo que se analizarán as situacións de uso indiscriminado da música e da contaminación acústica dos nosos espazos.

Educación para a saúde.

O feito de que o alumnado coñeza o funcionamento do seu propio corpo así como traballar a hixiene corporal, axuda ao alumnado a facer un uso correcto do seu corpo co fin de prever enfermidades graves, e este é un dos aspectos básicos da educación para a saúde que se traballan dentro da expresión musical. Utilizarase o traballo en grupo para favorecer as relacións interpersonais do alumnado e aumentar así o seu nivel de autoestima.

Estos aspectos traballaranse mellor a través da práctica vocal e instrumental, pero sobre todo na interpretación en grupo nas asignaturas colectivas.

Educación para a igualdade de sexos.

Dentro do recorrido histórico polos compositores e obras da historia da música, darase relieve ó papel da muller, destacando as principais compositoras e interpretes en relación coa súa contribución coa música.

Educación do consumidor.

Este aspecto é o máis importante e quizais o máis difícil de fomentar no alumnado. Abrir o abanico de estilos e xéneros musicais dos alumnos e potenciar o espírito crítico na audición de diferentes interpretacións.

O análisis da utilización da música nos medios de información, a radio, a televisión, pero sobre todo en internet, (no que o exceso de información pode desembocar a un consumo desmedido) aportará ó alumnado os criterios básicos para analizar e valorar o que ve e escoita.

Educación para a democracia.

A participación de todos na construción dun ben común é unha realidade dentro do traballo en grupo que se leva a cabo nas materias colectivas, así coma nos conxuntos instrumentais, a música de cámara e a orquesta. Coa expresión musical o alumno participa activamente na elaboración e

preparación de pezas musicais ou na organización de audicións, co que se fomenta a implicación no traballo a realizar, así coma as actitudes de respecto e tolerancia dos demais.

15. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

